

Adxudicadas por máis de 180.000 euros a mellora do alumeado público nas parroquias de Os Ánxeles e Brión

O Concello de Brión vai mellorar o alumeado público nas parroquias de Os Ánxeles e Brión grazas a subvención Instituto para a Diversificación e Aforro da Enerxía (IDAE) no marco do Programa Operativo do Fondo Europeo de Desenvolvemento Regional (FEDER) da Unión Europea (EU).

O Concello de Brión vén de adxudicar a renovación do alumeado público e mellora da eficiencia enerxética nas zonas urbanas das parroquias dos Ánxeles e Brión á empresa Esqueiro SL por un total de 181.009,95 euros. Unha actuación que permitirá a substitución das 173 luminarias actuais da avenida de Santa Minia, dos Ánxeles e do Tremo (ata o límite co Concello de Ames) por outras tantas luminarias de tecnoloxía LED.

ACTUACIÓN

A actuación ten un prazo de execución máximo de 6 meses e levaranse a cabo ao longo das estradas AC-543 Santiago-Noia e AC-451 Os Ánxeles-Brión. O alumeado actual será substituído por outro de alta eficiencia tipo LED, que permitirá unha diminución do consumo eléctrico e unha mellora da eficiencia enerxética da instalación. Ademais as novas luminarias serán máis estreitas cas actuais, polo que tamén se mellorará a mobilidade dos peóns, sobre todo daquelas persoas que leven carriños de bebé ou se movan en cadeiras de rodas.

A realización destes investimentos estará parcialmente subvencionado (80%) polo Instituto para a Diversificación e Aforro da Enerxía (IDAE), entidade pública empresarial adscrita o Ministerio para a Transición Ecolóxica, no marco do Programa Operativo do Fondo Europeo de Desenvolvemento Regional (FEDER) da Unión Europea (EU).



Unión Europea
“Una manera de hacer Europa”